

AIDA MENÉNDEZ LORENZO PRESIDENTA DE CAMIÑO SUR

O día que o Camiño Sur sexa declarado ruta xacobeá o veciños e as administracións non poderán esquecerse de recoñecer o esforzo feito pola Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra e por Aida Menéndez. Son os que están dando a batalla.

«Logramos moito, pero falta ser ruta Xacobeá e BIC»

TEXTO **ANA RODIL**
FOTO **TOÑO PARGA**

NO ANO 1999 naceu en Montforte a Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, tamén coñecida coma Camiño de Inverno ou Camiño Sur. Aida Menéndez Lorenzo (Barbadás, Ourense) é a cara visible dun colectivo que integran 250 persoas e que loita para que a ruta teña o recoñecemento que merece.

Cal foi o seu primeiro contacto co Camiño de Inverno?

Foi a través da asociación Camiños a Santiago pola provincia de Lugo, coa que eu tiña contacto. Coñecín a Elías Valiña, o gran impulsor do Camiño de Santiago no século XX. El foi quen me falou de que existía documentación que facía referencia a una ruta pola Ribeira Sacra. A partir diso comezamos a tirar do fío.

Leva o nome de Camiño de Inverno polo seu uso nesa estación.

Gran parte das referencias apuntan a que no inverno era máis fácil chegar a Santiago pola Ribeira Sacra que polo Cebreiro, pero tamén hai algúns expertos que non descartan que este traxecto se usase incluso con anterioridade ó que discorre por Pedrafita.

En que documentos concretos se cita o Camiño de Inverno?

Por exemplo, hai un no arquivo do Reino de Galicia, de arredores do 1600, que textualmente apunta que é urxente arranxar a ponte de Barxa de Lor, entre Quiroga e A Pobra do Brollón, porque supón un inconveniente tremendo ó paso dos peregrinos. Tamén hai referencias no arquivo de Astorga a unha ruta pola zona do Bierzo e da Ribeira Sacra.

No 2009 entregaron un informe na Xunta con toda a documentación que acredita a existencia da ruta pola Ribeira Sacra e a necesidade da seu recoñecemento como ruta xacobeá e como ben de interese cultural (BIC). Que foi diso?

Pois a verdade é que non sabemos absolutamente nada. Pedimos que eses trámites se puxesen en marcha, pero non hai novas. De feito, a finais dese mesmo ano o Parlamento galego aprobou unha iniciativa para axilizar eses procesos, pero non se moveu nada.


Por que custa tanto dar ese paso? É unha cuestión que terían que respostar as administracións. Eu o único que percibo é que lles custa moito dar o paso e supoño que en parte é porque facer ese recoñe-

cemento tamén implica facer un investimento na ruta para a que ó mellor non hai moita disposición. Pero nós cremos que o recoñecemento de BIC e de ruta xacobeá son prioritarios para a difusión do traxecto.

O gran reto co que naceu a asociación en 1999 non se conseguiu, pero o esforzo do colectivo tivo algunha resposta. Todos sabemos que a Santiago tamén se vai pola Ribeira Sacra.

Traballouse moito e hoxe son moitos os que escoitan falar do Camiño de Inverno e saben de que vai o tema. No 2008 presentouse a ruta na feira internacional de turismo Intur, o ano pasado logramos que a Xunta incluíse o traxecto nos folletos oficiais onde van as rutas xacobeas en sete idiomas. Déronse pasos, pero queda o máis importante: a oficialización.

Tamén medrou a sensibilidade da poboación sobre o Camiño Sur. Iso tamén é certo. A sensibilidade e a presenza de peregrinos. Estamos a anos luz do Camiño Francés, pero cada vez son máis as persoas que escollen este traxecto para peregrinar a Santiago. Hai moita xente do norte de Europa.



Aida Menéndez, no Camiño Sur

Tendencia

Moitos peregrinos prefiren a ruta pola Ribeira Sacra por patrimonio, paisaxe e para evitar masificacións»

Temos moito tirón entre os estranxeiros. En Ponferrada onde se separan o Camiño Francés e o Camiño de Inverno, hai un panel que informa das dúas alternativas es son moitos os que se decantan pola Ribeira Sacra por paisaxe, por